



# Cambiamos o Cambio



Ronsel de futuro. Rumbo 2030  
**Rede Museística Provincial de Lugo**


CADERNO DE  
ACTIVIDADES



# A Ruleta dos O.D.S.

A través desta actividade imos tratar de comprender os ODS, o seu significado e as consecuencias de non levarlos a cabo. A ONU impulsou 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, obxectivos a acadar antes do 2030, os cales temos que ter alcanzado para parar a destrución do planeta e as vidas que nel se desenvolven, xa que de non frear a problemática, corremos o risco de desaparecer e sumir a Terra na escuridade e o caos máis absoluto.

Entre todos podemos facer que isto se cumpra e a imaxe da Terra sexa máis saudable, pero para iso, temos que traballar en colaboración uns cos outros, coidar a Terra, e sobre todo, garantir a perdurabilidade do noso planeta, un planeta que aínda ten que “vivir” moitos anos máis.



1

**Como xa sabedes, a Terra non goza de boa saúde. Contaminación, cambio climático, quentamento global... sóanvos?**

**Nunha mesa redonda, debatede aqueles feitos e accións que afectan á “enfermidade terrestre”.**

**Como podemos contribuír nós a mellorar a saúde na nai TERRA?**



2



A ONU impulsou 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) para acadar antes do 2030. Debedes unir estes ODS reflexados nas imaxes inferiores, cos obxectos do noso día a día (nas 2 páxinas seguinte), e razoar o porque desa unión.



2
















2











Os obxectos dos museos da Rede Museística son fontes primarias de coñecemento, e por iso, a través deles, podemos lograr explicar os ODS. Tedes que relacionar as pezas escollidas cos 17 ODS explicados, todo isto segundo o que vos vaia saíndo ao accionar o xiro da ruleta. Cada peza escollida ao chou ten que ser entendida e aplicada ao noso día a día, e despois, posta en común co grupo clase. Deste xeito, todxs imos aprender de todxs.










3



3



3





# Alguen che disco canto duraba o teu lixo?

Mondas de mandarina, botellas de auga, cartóns de leite, osos de polo, pilas, roupa vella... todos estes elementos forman parte do denominado lixo, e realmente, sabemos canto tarda en desaparecer todo aquilo que tiramos aos contedores?

A través deste caderno de actividades aprenderemos que a maioría do noso lixo tarda moitos anos en desaparecer e durante ese tempo prexudica á nosa flora e

fauna terrestre e mariña. Se coñecemos isto seremos capaces de non tirar este tipo de residuos ao mar nin ao chan, por iso, a través desta actividade, imos reeducarnos en materia de reciclaxe xa que é unha das bases para manter con vida ao noso planeta Terra. Primeiro imos aprender nós, e despois, axudádenos a ensinar isto aos nosos maiores!



1

**Cipriana, a “nosa mascota”, vive en San Cibrao, pobo da mariña de Lugo de tradición pesqueira. Sabedes que animal é?**

**B \_ L \_ A**

**Como a imaxinades?  
Podedes debuxala?**



2

**Agora que xa a coñecemos a Cipriana, con que outros animais  
compartirá os mares? Debuxade outros animais mariños.**



3

Moitos dos amigos de Cipriana, a miúdo, quedan enredados no lixo que tiramos ao mar. Como podemos evitalo? Debatede na clase.



© Jordi Chías Puig (Spain)


4

O lixo, todos aqueles residuos que nós, os humanos, fabricamos, teñen diferentes tempos de desaparición. Segundo a súa composición, zona onde se verta, etc., todo isto, afecta. A través dunha mesa redonda imos falar dos distintos tipos de lixo e o seu tempo de desaparición.



4

Relaciona estes residuos co seu tempo de desaparición



1000 anos

600 anos

450 anos

400 anos

200 anos

150 anos

50 anos

5 anos




# *Eu reduzo, ti reaproveitas, nós reciclamos*

A Rede Museística Provincial de Lugo, desde os seus inicios, está comprometida co medio ambiente e traballa día a día para acadar os 17 ODS impulsados por Nacións Unidas. Neste caso, e seguindo o fío da actividade proposta, queremos centrarnos en contribuír a adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático, e conservar e utilizar de forma axeitada os océanos, mares e recursos mariños para o desenvolvemento sostible.

Certamente, estes obxectivos están estreitamente relacionados coa reciclaxe, por iso, EU REDUZO, TI REAPROVEITAS, NÓS RECICLAMOS.


A través desta actividade imos aprender a reciclar tanto no colexio como na nosa casa, educándonos na importancia da reciclaxe para vivir de forma sostible e axudar a supervivencia do planeta Terra, e todo isto ímolo facer desde unha fantástica plataforma como é o Museo do Mar.

A quen lle facemos dano co noso lixo? Pois iso ímolo descubrir de seguido. Vides con nós? Estadades dispostos a convertervos en vixiantes verdes? Axudádenos a salvar o planeta Terra!



1

Pinta de cor verde, amarelo, azul e marrón ou gris cada un destes contedores.



2

En cal dos contedores anteriormente pintados iría cada un destes residuos? Marca cun círculo cada residuo coa cor correspondente ao seu contedor.



imágenes de Freepik.com

3

Agora que xa somos expertos en reciclaxe, como poderíamos mellorar o tratamento de residuos na escola e nas nosas casas? Mesa redonda.



4

Os nosos mares están cheos de lixo, e a nosa flora e fauna mariña atópase en perigo. Na seguinte fotografía indicade que artes de pesca vedes. Cales credes que danan menos os mares?



5

Aprendida a teoría, que vos parece se a poñemos en práctica? Coa vosa escola, ou coas vosas familias, podeades achegarvos as vosas praias, rúas ou montes e a limpar o lixo! Iso si, con moita precaución e luvas. Quen se anime, pode facer un collage con eses residuos, e sobre todo, non vos esquezades de facer fotografías!



Xenial! Por todo o traballo feito, temos a honra de darvos o carné de vixiante da contorna. Atrevédesvos a completalo?

*Vixiantes da Contorna!*

NOME: .....

Rede Museística Provincial de Lugo

### Datos de contacto:

Rede Museística Provincial de Lugo <https://comunidadermpl.es/>

Correo electrónico:  
comunidadermpl@gmail.com

